

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de outubro de 2009

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día trece de outubro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1338).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase as actas das sesións ordinarias do 21 e do 25 de setembro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1339).- PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A INTEGRACIÓN DE ESPAZOS ESCÉNICOS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO NO CIRCUÍTO MUNICIPAL DE TEATRO POR BARRIOS VIGO A ESCENA. EXPTE. 11734/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.10.09, e de acordo do informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 23.07.09, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases que regularán a convocatoria para a integración de espazos escénicos do término municipal de Vigo no circuítio teatral por barrios Vigo a Escena.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A INTEGRACIÓN DE ESPAZOS ESCÉNICOS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO NO CIRCUITO TEATRAL POR BARRIOS VIGO A ESCENA

A Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 25.2.m e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.n, establecen a competencia dos municipios nas actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo de lecer e o turismo.

O departamento de Cultura do Concello de Vigo organiza ano a ano un circuítio teatral por barrios co obxecto de, por un lado promover a contratación de compañías de teatro e danza de Vigo e por outro de achegar aos cidadáns das parroquias e barrios vigueses funcións escénicas de calidade sen ter para elo que trasladarse do seu contorno.

Por todo isto, e en consonancia cos seus obxectivos inmediatos, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural resolveu con data 23 de xullo de 2009, en virtude do art.127 da Lei 7/85 e do Decreto de delegación da Alcaldía de 5 de xullo de 2007 e do acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, que se inicie o expediente para aprobar a normativa que rexirá a convocatoria pública para auditorios pertencentes a asociacións, centros cívicos e outros espazos que reúnan as condicións mínimas para acoller representacións de teatro e danza durante o ano 2010.

OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Poderán adscribirse e solicitar a súa integración ao circuítio municipal por barrios Vigo a Escena, as entidades públicas ou privadas, titulares de teatros, auditorios, casas de cultura ou outro tipo de espazos escénicos, con domicilio no termo municipal de Vigo e que reúnan os requisitos establecidos na presente convocatoria e que non sexan empresas ou sociedades dedicadas profesionalmente á programación de artes escénicas. A convocatoria será para realizar actuacións de teatro e danza de compañías viguesas programadas polo departamento de Cultura. O número máximo de espazos beneficiarios das actuacións será determinado polo departamento de Cultura en función do número de espazos que cumpran as condicións e do número de compañías que soliciten actuar cada ano dentro do circuítio municipal por barrios Vigo a Escena na convocatoria posterior á presente, dacordo co orzamento aprobado para tal fin.

COMITÉ DE VALORACIÓN.-

O comité de valoración estará integrado polo persoal técnico designado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, tendo en conta as presentes bases e a documentación presentada polos interesados.

Unha vez recibidas as solicitudes, membros do comité de valoración poderán visitar os recintos propostos polas entidades co obxecto de valorar a súa viabilidade para albergar os espectáculos.

A programación será anual e se comunicará aos espazos seleccionados no mes de xaneiro, unha vez realizada a convocatoria anual para compañías.

Unha vez integrados no circuíto os espazos quedarán incluídos na programación para os vindeiros anos. Se algún espazo desexa ser excluído ou por modificación das súas infraestruturas non pode realizar funcións teatrais en algún momento deberá comunicalo ao departamento de Cultura a través do Rexistro Xeral do Concello antes do mes de setembro do ano anterior á que se produza a baixa.

Asemade, todos os espazos novos ou que por ter modificadas as súas infraestruturas sexan quen de participar en edicións futuras deberán solicitar a súa inclusión segundo os modelos desta convocatoria antes do mes de setembro do ano anterior á que se produza a alta a través do Rexistro Xeral do Concello.

REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR AS ENTIDADES BENEFICIARIAS.-

1. *Dispoñer dun espazo apto para ofrecer espectáculos escénicos no término municipal de Vigo. A idoneidade da sala será informada polo persoal técnico da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, considerando os seguintes criterios:*
 - a) *Estado de conservación do edificio.*
 - b) *Disponibilidade e estado de funcionamento dos equipos técnicos e a súa idoneidade para a programación de artes escénicas.*
 - c) *Facilidade para o acceso do público.*
 - d) *Facilidade de acceso para carga e descarga.*
 - e) *Dotación complementaria: servizos disponibles de operación técnica, camerinos, salas de ensaio, zonas de servizos complementarios, etc.*
 - f) *Área de influencia local e poboación á que se lle proporciona o servizo.*
2. *Contar cunha instalación de corrente trifásica e unha persoa de axuda para realizar as conexións pertinentes.*
3. *Contar cos requisitos en materia de seguridade e prevención de riscos laborais estipulados pola lei.*
4. *Nomear unha persoa responsable do recinto ou auditorio para solucionar calquera problema que poidan ter as compañías durante a montaxe/desmontaxe/actuación, etc., que deberá estar dispoñible e localizable en todo momento.*
5. *Un mínimo de dúas persoas de apoio para tarefas de carga e descarga do material da compañía.*
6. *Nomear a unha persoa de contacto como representante da entidade para a súa relación co departamento de Cultura.*

COMPROMISOS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.-

1. *Realizar a distribución do material gráfico e publicitario que o Concello e as compañías suministren e publicitar no local no que se atope o espazo escénico a programación nun lugar visible e apropiado a programación de todo o circuíto Vigo a Escena que edite a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.*
2. *No caso de que a entidade beneficiaria edite material gráfico propio e en todas as informacións dirixidas a medios de comunicación e público en xeral se incluírá o logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, en calidade de organizador da actividade, facendo referencia ao circuito teatral por barrios Vigo a Escena.*
3. *Calquera cambio nas condicións das actuacións (datas, horarios, etc.), deberán ser acordadas previamente coa compañía e comunicadas á persoa coordinadora do circuíto con unha antelación suficiente para poder facer as notas de prensa correspondentes.*
4. *Calquera cambio nas condicións escéncias do espazo integrado no circuíto deberá ser comunicado ao departamento de Cultura que valorará as novas condicións para determinar se o espazo reúne os requisitos mínimos para poder seguir formando parte do programa.*

5. *No caso de que algún espazo deixe de cumprir as condicións aquí establecidas incapacitando ao mesmo para realizar as actividades que aquí se comprometen ou que por obras nas súas infraestructuras o incapacidade de calquera tipo, deberá comunicalo ao departamento de Cultura a través do Rexistro Xeral en todo caso antes do mes de setembro do ano anterior a que se produza a baixa para poder telo en conta na vindeira programación. Unha vez que volva a reunir os requisitos ou que o espazo considere que pode volver a participar deberá solicitar novamente a súa inclusión do mesmo xeito que o solicitou nesta primeira convocatoria.*
6. *O día da actuación o recinto beneficiario estará libre o tempo que as compañías precisen para montaxe, actuación, desmontaxe e ensaios do espectáculo. Durante as funcións non poderán ter lugar ningunha outra actividade que poida interferir ou alterar o espectáculo.*
7. *A entrada ás representacións será de balde até completar ao aforamento. A entidade beneficiaria se comprometerá a controlar que o aforo non sexa superado.*
8. *Ao remate de cada función o/a representante da entidade beneficiaria deberá cubrir unha ficha que será facilitada ao comezo do circuito polo departamento de Cultura e que incluirá datos e incidencias acerca do espectáculo, data, horario, duración e sinaturas do representante da entidade e do representante da compañía que actuase nese día.*
9. *No caso de que algunha das entidades beneficiarias incumprisen algunha das súas obrigas a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural resolverá polos seus propios medios a realización dese espectáculo e repercutirá os gastos nesa entidade, que perderá ademais o dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do circuito municipal por barrios Vigo a Escena.*

COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO.-

1. *Proporcionar as actuacións de balde para a entidade beneficiaria, de acordo coas preferencias de datas e horarios indicados na solicitude. O Concello de Vigo pagará o caché e os dereitos de autor derivados das actuacións. O material técnico necesario para as actuacións correrá de conta das compañías en caso de que os espazos escénicos carezan dos equipamentos necesarios para as actuacións.*
2. *Proporcionar programas de man e carteis de toda a programación do circuito municipal por barrios Vigo a Escena.*

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A PROGRAMACIÓN DO ANO 2010.-

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria e rematará o día 30 de setembro de 2009.

As solicitudes se presentarán a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo aportando a seguinte documentación:

- *Modelo de solicitude que se achega como anexo a estas bases. O anexo 2 é para que o departamento de Cultura teña unha base de datos actualizadas cos equipamentos escénicos da cidade, non son requisitos para poder formar parte deste circuito.*
- *Planos do espazo escénico.*
- *Fotografías actualizadas do escenario e sala, nas que se poida apreciar o estado de conservación do centro en soporte CD.*
- *Calquera outro documento que poida considerarse de interese para unha mellor valoración da solicitude.*

PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.-

Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo das mesmas e da documentación que as acompaña.

O persoal técnico do departamento de Cultura poderá requirir a maiores toda a documentación que considere oportuna para verificar a idoneidade do espazo escénico e visitar o mesmo cando considere preciso.

Unha vez resoltas as concesións serán comunicadas ás entidades solicitantes.

3(1340).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA ANUAL PARA A PARTICIPACIÓN DE COMPAÑÍAS PROFESIONAIS DE TEATRO E DANZA DE VIGO NO CIRCUÍTO MUNICIPAL POR BARRIOS VIGO A ESCENA. EXPTE. 11735/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.10.09, e de acordo do informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 24.07.09, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Único.- Aprobar as bases que regularán a convocatoria anual para a integración de compañías viguesas profesionais de teatro e danza no circuítio municipal por barrios “Vigo a Escena”.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA ANUAL PARA A INTEGRACIÓN DE COMPAÑÍAS VIGUESAS PROFESIONAIS DE TEATRO E DANZA NO CIRCUÍTO MUNICIPAL POR BARRIOS “VIGO A ESCENA”

A Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 25.2.m e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.n, establecen a competencia dos municipios nas actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo de lecer e o turismo.

O departamento de Cultura do Concello de Vigo organiza ano a ano un circuito teatral por barrios co obxecto de, por un lado promover a contratación de compañías de teatro e danza de Vigo e por outro de achegar aos cidadáns das parroquias e barrios vigueses funcións escénicas de calidade sen ter para elo que trasladarse do seu contorno.

Por todo isto, e en consonancia cos seus obxectivos inmediatos, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural resolveu con data 24 de xullo de 2009, en virtude do art.127 da Lei 7/85 e do Decreto de delegación da Alcaldía de 5 de xullo de 2007 e do acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, que se inicie o expediente para aprobar a normativa que rexirá a convocatoria pública para compañías viguesas profesionais de teatro e danza para participar no circuítio municipal por barrios “Vigo a Escena”.

OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Poderán adscribirse e solicitar a súa integración ao circuítio municipal por barrios Vigo a Escena, as compañías viguesas profesionais de teatro e danza, con domicilio no termo municipal de Vigo e que reúnan os requisitos establecidos na presente convocatoria. A convocatoria será para realizar actuacións de teatro e danza de compañías viguesas programadas polo departamento de Cultura. O número máximo de actuacións por compañía para cada ano será de 6 actuacións.

COMITÉ DE VALORACIÓN.-

O comité de valoración estará integrado polo persoal técnico designado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, tendo en conta as presentes bases e a documentación presentada polos interesados.

Unha vez recibidas as solicitudes, membros do comité de valoración estudarán as propostas e realizarán a programación anual para cada ano, segundo os espazos escénicos presentados na convocatoria anterior a esta para espazos escénicos que se queiran integrar no circuío municipal por barrios Vigo a Escena.

A programación será anual. O Concello de Vigo unha vez recibidas e aprobadas as solicitudes achegará o proxecto de programación ás compañías seleccionadas para o seu coñecemento e confirmación de disponibilidad. Unha vez confirmado se procederá á contratación de acordo co crédito orzamentario.

A convocatoria para compañías que desexen participar será anual e cada ano as compañías que desexen participar no circuío deberán solicitalo a través da convocatoria pública que se realizará a finais do ano anterior.

REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR AS COMPAÑÍAS SELECCIONADAS.-

1. Dispoñer dunha obra de teatro o danza que non se teña representado máis de nove veces dentro do circuío “Vigo a Escena” e que conte cun mínimo de calidade e representatividade que será avaliada polo comité de valoración.
2. Estar constituídos como empresa ou ser empresario individual, cuxa actividade principal sexan as artes escénicas.
3. Estar dado de alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas e ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
4. Ter domicilio social e fiscal no ámbito territorial de Vigo.
5. Os espectáculos presentados poderán representarse un máximo de nove veces.
6. As obras presentadas deberán ser no idioma galego.
7. O caché máximo por actuación será de 2.000 € con todos os impostos incluídos e dependerá das características da obra e do número de actores que realicen a representación. O orzamento formará parte dos criterios de valoración do comité de selección.
8. As compañías deberán dispoñer do material escénico necesario para poder realizar a función en caso de que os espazos escénicos non dispoñan das infraestructuras básicas (equipos de luz, son, atrezzo...).
9. Cumprimentar despois de cada función unha ficha que será facilitada polo departamento de Cultura con datos sobre a representación, incidencias, etc.

COMPROMISOS DAS COMPAÑÍAS SELECCIONADAS.-

1. As compañías deberán realizar as actuacións nos lugares sinalados polo Concello de Vigo.
2. As compañías deberán abonar os gastos de transporte, seguros do equipo de actuación e material, gastos de persoal, impostos e Seguridade Social.
3. As compañías deberán entregar o material publicitario do seu espectáculo aos espazos escénicos asignados con un mínimo de 10 días de antelación á data de representación da obra.
4. A suspensión dalgunha actuación sinalada no programa será comunicada á persoa coordinadora do programa cunha antelación suficiente para poder realizar as notas de prensa oport-

unas de aviso da suspensión. En casos de enfermidade ou de forza maior xustificada, poderá a compañía buscar unha data alternativa xunto co espazo escénico asignado acordado coa persoa coordinadora do programa. Calquera incumprimento non xustificade será causa de exclusión da compañía do programa.

- 5. Calquera cambio nas condicións das actuacións (datas, horarios, etc.), deberán ser acordadas previamente coa compañía e comunicadas á persoa coordinadora do circuito con unha antelación suficiente para poder facer as notas de prensa correspondentes.*
- 6. No caso de que algunha das compañías seleccionadas incumprisen algunha das súas obrigas, a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural resolverá a perda do dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do circuito municipal por barrios Vigo a Escena.*
- 7. En caso de que algunha compañía realice a estrea dalgunha función, esta estrea se realizará no Auditorio Municipal.*
- 8. As compañías deberán entregar unha factura en xuño e outra en decembro polas actuacións realizadas.*

COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO.-

- 1. Proporcionar locais axeitados para a realización das actuacións, de forma gratuíta.*
- 2. Asegurar o cumprimento das condicións mínimas por parte dos espazos escénicos para a correcta realización das representacións.*
- 3. Os posibles contratos derivados da resolución das presentes bases estarán suxeitos á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento de todos os requisitos aquí expostos, así como á resolución de programación por parte do concelleiro-delegado da área. En todo caso, estes contratos deberán axustarse á vixente ley en materia de contratos do sector público.*
- 4. O pagamento das actuacións se realizará en dúas fases, unha no mes de xuño polas funcións realizadas até ese momento e outra no mes de decembro, ao finalizar o circuito.*
- 5. Proporcionar programas de man e carteis de toda a programación do circuito municipal por barrios Vigo a Escena.*

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

O prazo de presentación de solicitudes se determinará anualmente polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en todo caso no último trimestre do ano anterior á programación.

As solicitudes se presentarán a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo aportando a seguinte documentación:

- *Modelo de solicitude que se achega como anexo a estas bases.*
- *Copia do NIF ou CIF da persoa física ou xurídica que factura a actuación.*
- *Documento que acredite que está dado de alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.*
- *En caso de que a compañía actúe representada, autorización para o representante legal.*
- *Ficha artística: autor, sinopse do espectáculo, datos artísticos, datos de produción e duración do espectáculo.*
- *Ficha técnica completa.*
- *Material audiovisual do espectáculo.*
- *Calquera outro documento que poida considerarse de interese para unha mellor valoración da solicitude.*

- O comité de valoración poderá requirir aos solicitantes a presentación da documentación complementaria que estime necesaria.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.-

Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo das mesmas e da documentación que as acompaña.

O persoal técnico do departamento de Cultura poderá requirir a maiores toda a documentación que considere oportuna para verificar o interese da representación e á adecuación aos espazos escénicos.

Unha vez resolta a selección serán comunicadas ás entidades solicitantes.

4(1341).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA NOS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO. EXPTE. 11797/331.

Mediante providencia de data 5.10.09, en cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto e do apartado 4 do acordo de Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, D. Xesus López Carreira, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura nos meses de agosto e setembro, e que son os que de seguido se relacionan:

DEPARTAMENTO: CULTURA
FUNCIONAL: 4510

Nº EXP.	CONCEPTO	DATA	PARTIDA	TIPO EXP.	NºRC	IM-POR-TE	PERCEPTOR	CIF/NIF
11745-331	Mensaxería mes de xullo	31/07/09	2230000	Servizos	4220	12,88	Mensajería Reparto y Gestión Urgente S.L.	b36821494
11749-331	Material de oficina	15/07/09	2200000	Subministro	4192	9,71	Planitec	b36621050
11760-331	Sistema seguridad en altura nas dependencias culturais (línea de vida)	15/09/09	2120000	Obra	51165	17449,54	Gamesystem España S.A.	a78885514
11761-331	Deseño, suministro e distribución de material gráfico do segundo semestre da programación do Vigo a Escena	16/09/09	2260200	Servizos suministro	51172	7.250,31	Anónimo Publicidad S.L.	B36721900
11762-331	Realización do inventario documental do departamento de Cultura	16/09/09	2270600	Servizos	51178	15.673,92	Van Divulgación Cultural S.L.	B36917201
11763-331	Adquisición de material de oficina non inventariable de uso específico	21/09/09	2200000	Suministro	51929	1.784,84	Planitec S.L.U.	B36621050

11774-331	Mensaxería mes de agosto	31/08/09	2230000	Servizos	4220	144,52	Mensajería Reparto y Gestión Urgente S.L.	b36821494
11775-331	Centro flores acto procolario	31/07/09	2260100	Subministro	4213	120	Flores y plnatas Valle Fragoso	b36686533
11776-331	Transporte lixeiro mes de agosto	31/08/09	2230000	Servizos	4191	29	Aquilino Molina Valin	35985317t
11777-331	Compras varias para mentemento de dependencias culturais	31/08/09	2120000	Subministro	4199	2843,84	Ferreteria Pombo sa	a36644011
11778-331	Material oficina para departamento de cultura	15/08/09	2200000	Subministro	4192	41,66	Planitec sl	B36621050
11780-331	Contratación de compañías teatrais para representacións dentro do circuío municipal por barrios Vigo a Escena no segundo semestre do ano 2009	24/09/09	2260803	Servizos	53504	5.400,00	Fulano, Mengano e Citano S.L.	B27725274
					53489	5.400,00	Teatro Avento	G36648434
					53492	4.200,36	Julián Rodríguez Novo	36122337D
					53494	2.407,50	Cecilia Meléndrez Fassbender	32818874-J
					53496	4.800,00	Teatro Alla Scala 1:5 S.L.	B36701506
					53497	4.333,50	Pablo Osvaldo Guiducci	X4533480L
					53498	5.400,00	Miguel Ángel Culebras i Condal	46226351P
					53499	2.043,60	Guy Bobillo Pérez	36061885R
					53500	5.400,00	Asociación Cultural Aforo	G36843936
					53502	5.400,00	Olga Cameselle Estévez	36056819H
					53505	5.400,00	Lambríaca Producións S.L.	B27708718
53506	5.400,00	Máscara Producións S.L.	B27717826					

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(1342).- AUTORIZACIÓN E AMPLIACIÓN DE GASTO DO PROGRAMA DE EMERXENCIAS (ARRANXOS DE VIVENDAS DE MAIORES). EXPTE. 47420/301.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas de Servizos Sociais, do 24.09.09, conformado polo xefe de Área de

Benestar Social, pola concelleira delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto de 10.000 euros con cargo a partida 3130 7800000 para facer fronte ó acondicionamento de vivendas de maiores, dentro do programa de subvencións directas individuais para a prevención, asistencia e promoción social.

6(1343).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DE XULLO A SETEMBRO. EXPTE. 47579/301.

Mediante providencia de data 1.10.09, a concelleira delegada da Área de Benestar Social, cumprindo coas instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores tramitados durante o mes de xullo-agosto-setembro de 2009, e que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
03/09/09	REPARACIÓNS E MANTE- MENTO UBAS	2120000	200900047753	3.000,00	VARIOS
26/08/09	SERVIZOS POSTAIS E MEN- SAXERIA	2230000	200900046632	5.000,00	VARIOS
09/07/09	DESEÑO MAQUETACIÓN PROGRAMA VIA	2260200	200900039604	1.450,00	BOCA A BOCA DISEÑO Y COMU- NICACIÓN S.L.
26/08/09	ACTUACIÓN GRUPO IRIS FESTA SAF	2260801	200900046634	450,00	M JESUS AGUILAR CARBONELL
11/09/09	ALUGUEIRO CARPA FESTA SAF	2260801	200900048484	705,28	MANUFACTURAS SAN MARTIN
18/09/09	ACTUACIÓN IMPROVISACIÓ- NEN VERSO	2260801	200900050717	500,00	ORAL DE GALICIA
23/09/09	TRASLADO USUARIOS FESTA SAF	2260801	200900051919	797,40	CENTRAL RADIO TAXI
27/07/09	AVALIACIÓN VIVENDAS	2270600	200900042581	7.841,60	ORLANDO ABILDUA CAPETI- LLO
29/07/09	ADQUISICIÓN SOPORTE RO- LLER P/CARTELERIA	2270600	200900042696	247,08	DESARROLLOS PUBLICITA- RIOS, S.L.
28/08/09	SERV. INSPECCIÓN PERIODI- CA INST. DE BAIXA TENSION EN EQUIPAMENTOS	2270600	200900047566	928,00	ENMACOSA, S.A.
03/09/09	ENQUISA POBOACION XE- RAL SOBRE SERVIZOS SO- CIAIS	22706000	200900047754	20.879,98	ESTRATEGIA, ANALISE E IN- VESTIGACIÓN SOCIAL
03/09/09	INVENTARIADO EQUIPAMEN- TO SERVIZOS SOCIAIS	2270600	200900047757	20.876,81	QUADERNAS CONSULTORIA, S.L.
28/09/09	“PROXECTO YO SOY YO” ALUMNOS 6º PRIMARIA	2270600	200900053084	1.680,00	ÉRGUETE
24/07/09	PROGRAMA “ME MUEVO”	2270609	200900042129	6.010,12	ASOC. DOWN VIGO
27/07/09	PROXECTO RESPIRO FAMI- LIAR	2270609	200900042538	15.030,50	ASOC. XUVENIL ABERTAL
30/07/09	PRAZAS CENTRO REHAB. PSICOSOCIAL E LABORAL	2270609	200900042719	7.000,00	ASOC. DE AXUDA AO ENFER- MOMENTAL - DOA
03/08/09	PROXECTO DE OCIO “VERAN- DO LECER”	2270609	200900043200	17.969,50	ASOC. DE PAIS DE MINUSVALI- DOS DE PONTEVEDRA - APAMP

03/09/09	APLICACIÓN RESINA EXPOSI UBAS COIA	6320000	200900047698	19.523,01	FEYJU GALICIA S.L.
----------	---------------------------------------	---------	--------------	-----------	--------------------

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

7(1344).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA A DESAFECTACIÓN DE LOCAL DA ESCOLA INFANTIL “CRISTO DA VICTORIA” DE COIA. EXPTE. 10948/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 28.09.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Solicitar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a desafectación do uso educativo das antigas instalacións da Escola Infantil “Cristo da Victoria”, sitas na Avda. Castelao nº 67 (interior), consonte co establecido no Art. 1 Par. 1 do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa á desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal e Orde do 4 de xuño de 1987 do Ministerio de Educación, co fin de instalar a sede da Escola Municipal de Teatro de Vigo.

8(1345).- PROXECTO DE REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL. EXPTE. 10600/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 23.09.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 8.07.09, conformado pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Proxecto de novo Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) que de seguido se transcribe..

2º.- Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Primeiro: aprobar inicialmente o novo Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) (Expte nº 10600/332)..
- Segundo: abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- Terceiro: declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro do novo regulamento orgánico de organización e funcionamento do CEMV no BOP, entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación.

PROXECTO

**REGULAMENTO ORGÁNICO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO
ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO (CEMV)**

O Excmo. Concello Pleno , en xuntanza celebrada o día de _____ 2009, en aplicación do artigo 123.1 c) da Lei 7/1985, de bases do réxime local acordou o seguinte:

Artigo único

Aprobar definitivamente o texto do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Vigo que figura como anexo.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA. PRAZO DE CONSTITUCIÓN DO CEMV

1. O CEMV deberá constituírse dentro do prazo de tres meses, dende a aprobación do presente regulamento orgánico polo Pleno do Concello de Vigo.
2. O CEMV quedará validamente constituído cando se integren nel polo menos dous terzos dos representantes que o compoñen.

SEGUNDA. PRAZO PARA A DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES NO CEMV

Dentro do prazo de dous meses a partir da aprobación do presente regulamento, as entidades, organismos e institucións a que se refire o artigo 5 do Regulamento anexo procederán a propoñer os seus representantes no CEMV.

TERCEIRA. SESIÓN CONSTITUTIVA DO CEMV

A convocatoria e presidencia da sesión constitutiva do CEMV será efectuada polo alcalde do Concello de Vigo ou concelleiro da área de educación en quen delegue.

CUARTA. PRIMEIRA RENOVACIÓN PARCIAL DO CEMV

Con carácter excepcional, aos dous anos da constitución do CEMV, cesarán por sorteo a metade dos conselleiros de cada grupo a que se refire o artigo 5 do regulamento anexo, a excepción do sector de alumnos que cesarán na súa totalidade.

QUINTA. PUBLICIDADE DOS CARGOS DO CEMV

O Concello de Vigo publicará na súa páxina web, previa comunicación do secretario do CEMV, os nomes dos conselleiros en cada período de mandato, co obxecto de fomentar a transparencia e dar cumprimento ao principio de información á cidadanía.

SEXTA. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Mediante o presente Regulamento modifícase o Regulamento de participación cidadá, aprobado polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo en xuntanza do día 26 de marzo de 1992, engadíndose unha nova Sección III rubricada “Do Consello Escolar Municipal de Vigo” dentro do capítulo II “Dos órganos específicos de participación cidadá” do Título V “Da participación cidadá nos órganos municipais”, e modificándose o artigo 39, nos termos que a continuación se sinalan:

1. Modifícase o artigo 39, que queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 39.- Os órganos específicos de participación cidadá serán os Consellos municipais de área ou sectoriais, os Consellos territoriais e o Consello Escolar Municipal de Vigo, que teñen por obxecto canalizar a participación das entidades cidadás na vida municipal.”

2. Engádesse unha nova Sección III rubricada “Do Consello Escolar Municipal de Vigo” dentro do capítulo II “Dos órganos específicos de participación cidadá” do Título V “Da participación cidadá nos órganos municipais”, que queda redactada do seguinte xeito:

“Sección III.- Do Consello Escolar Municipal de Vigo

Artigo 49 bis. O Consello Escolar Municipal de Vigo é o órgano de participación democrática da comunidade educativa no municipio de Vigo, e procurará a máis ampla participación social dos

protagonistas directos da acción educativa, así como un alto nivel de interlocución co poder municipal.

A regulación do Consello Escolar Municipal de Vigo está recollida no seu regulamento de carácter orgánico, que establece o seu réxime de funcionamento, organización e competencias, segundo o establecido na Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.”

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o actual Regulamento do Consello Escolar Municipal de Vigo aprobado en xuntanza plenaria do 23 de Marzo de 1988, e modificado posteriormente por acordos adoptados nas xuntanzas plenarios do 31 de marzo de 1989 e do 3 de novembro de 1994 do Excmo. Concello de Vigo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento orgánico entrará en vigor coa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En Vigo, a de de 2009

ANEXO

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO (CEMV)

LIMAR.....

CAPÍTULO I - NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO.....

ARTIGO 1. NATUREZA

ARTIGO 2. FINALIDADE

ARTIGO 3. RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 4. SEDE DO CEMV

CAPÍTULO II - COMPETENCIAS E COMPOSICIÓN.....

ARTIGO 5. COMPETENCIAS

ARTIGO 6. COMPOSICIÓN

ARTIGO 7. PERDA DA CONDICIÓN DE CONSELLEIRO

ARTIGO 8. DEREITOS E OBRIGAS DOS CONSELLEIROS

CAPÍTULO III - ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CEMV.....

SECCIÓN PRIMEIRA - ORGANIZACIÓN

ARTIGO 9. ÓRGANOS DO CEMV

ARTIGO 10. PRESIDENTE

ARTIGO 11. VICEPRESIDENTE/A

ARTIGO 12. SECRETARIO/A

ARTIGO 13. PLENO

ARTIGO 14. COMISIÓN PERMANENTE

ARTIGO 15. COMISIÓNS DE TRABALLO

SECCION SEGUNDA - FUNCIONAMENTO DO CEMV

ARTIGO 16. FUNCIONAMENTO DO CEMV

ARTIGO 17. RÉXIME DE XUNTANZAS DO PLENO

ARTIGO 18. RÉXIME DE XUNTANZAS DA COMISIÓN PERMANENTE

ARTIGO 19. RÉXIME DE XUNTANZAS DAS COMISIÓN DE TRABALLO

SECCIÓN TERCEIRA - DAS ACTAS E CERTIFICACIÓNS

ARTIGO 20. ACTAS

CAPÍTULO IV – DA EMISIÓN DE DITAMES, INFORMES E PROPOSTAS.....

ARTIGO 21. ELABORACIÓN DE DITAMES

ARTIGO 22. INFORME ANUAL SOBRE O ESTADO DO ENSINO NO CONCELLO

ARTIGO 23. MEMORIA DE ACTIVIDADES

LIMIAR

A Constitución Española de 1978 recoñece no seu artigo 23.1 o dereito fundamental da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal. Por outra banda, o artigo 9.2 recolle o mandato aos poderes públicos de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social. De xeito máis específico, o artigo 27 recolle o dereito á educación, responsabilizando os poderes públicos de garantir este dereito a todos, mediante unha programación xeral da ensinanza, coa participación efectiva dos sectores afectados e a creación de centros docentes.

En desenvolvemento destes artigos, ditase o título II da Lei orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, cuxa rúbrica é *Da participación na programación xeral da ensinanza*, establecendo a necesaria participación efectiva de todos os sectores afectados na programación xeral da ensinanza, focalizándose na atención adecuada das necesidades educativas e a creación de centros docentes. Por outra banda, o artigo 35 do mesmo título establece que “os poderes públicos, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán establecer consellos escolares de ámbitos territoriais distintos ao que se refire o artigo anterior (consellos escolares autonómicos e municipais), así como ditar as disposicións necesarias para a organización e o funcionamento destes. En todo caso, deberá garantirse a adecuada participación dos sectores afectados nos respectivos consellos” en clara alusión aos consellos escolares municipais.

Deste xeito, a Administración pública municipal é competente, en virtude do establecido no artigo 25.2 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, para “participar na programación da ensinanza e cooperar coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos, intervir nos seus órganos de xestión e participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria”. Deste xeito, o Consello Escolar Municipal constitúese como un órgano municipal de carácter sectorial cuxo fin é a participación democrática de todos os sectores afectados na xestión educativa, erixíndose así como un órgano consultivo da Administración municipal.

Por outra banda, o artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúe a competencia plena á nosa Comunidade Autónoma para a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da

Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado 1 do artigo 81 desta, o desenvolvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

A Lei 3/1986, do 18 de decembro, dos consellos escolares de Galicia establece no seu artigo 15.2, que: “Os municipios que dispoñan polo menos dun colexio de EXB deberán constituí-lo Consello Escolar Municipal”. No artigo 17.2 establécese, tamén, que: “Os concellos poderán tomar a iniciativa da constitución dos seus respectivos consellos escolares municipais, fixando as normas regulamentarias de procedemento e comunicándolle á Consellería de Educación o acordo municipal adoptado”.

O Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, regula en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, os consellos escolares municipais no seu capítulo III, como órganos de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

Dende a aprobación destas normas moitos foron os cambios legislativos que incidiron sobre a materia educativa e sobre a organización municipal, que fan necesario neste momento unha modificación substantiva no regulamento actualmente vixente no Concello de Vigo.

Así, a recente aprobación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación regula no seu título V a participación, autonomía e goberno dos centros, establecendo unha serie de principios xerais no ámbito educativo, fundamentalmente os seguintes:

- *Proporcionar unha educación de calidade para todos os cidadáns.*
- *Posibilitar a necesaria colaboración de todos os compoñentes da comunidade educativa para a consecución deste reto.*
- *O compromiso decidido cos obxectivos educativos formulados pola Unión Europea.*

Por outra banda, a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, impulsa de xeito importante a participación cidadá nos órganos e asuntos municipais, que fai necesaria a aprobación polos municipios de normas de carácter orgánico que regulen a participación da cidadanía nos asuntos públicos.

En cumprimento deste mandato, o Concello de Vigo, en xuntanza plenaria do 31 de marzo de 2006, aprobou o Regulamento orgánico de participación cidadá, adaptándose así ás normas básicas da lexislación de réxime local.

Noutro eido, aprobouse tamén a Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

Toda esta normativa vén incidir nun aspecto común, a saber, a potenciación da participación cidadá nos asuntos públicos, de modo que se achegue a toma de decisións á poboación, como garantía de éxito dos produtos normativos. Este movemento da democracia participativa procura unha gobernanza de todos os actores implicados nas decisións públicas que lles afecten, e que xa comezara coa aprobación da Carta Europea de Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985.

Con esta reforma preténdese que o Consello Escolar Municipal sexa o foro de encontro das ideas educativas, facilitando a comunicación entre todas as partes implicadas, coadxuvando así na evitación e resolución de posibles conflitos no eido educativo. Por outra banda, pretende ser o nexa de unión entre o sistema educativo privado e o público, procurando o seu achegamento, evitando así que se creen dúas realidades con obxectivos diferentes.

Este compromiso coa participación vén xa de longo no municipio de Vigo, que na xuntanza do 4 maio de 1993 se adheriu á Carta de Cidades Educadoras, que recolle os principios básicos para o impulso educativo da cidade. Concretamente, no apartado sexto da Carta faise especial fincapé de cara á obriga dos responsables da política municipal de realizar estudos para manterse informados e de establecer canles permanentes de participación aos individuos e os seus colectivos. Incidindo neste eido, o principio noveno da Carta insiste no fomento da participación, a través das organizacións civís e sociais da cidade, como fórmula esencial de achegamento da cidadanía á toma de decisións e como garantía para os poderes públicos do acerto nas actuacións.

Neste sentido, o CEMV será o lugar de encontro para o fomento da cultura da participación, fornecendo o debate de todas as partes e cohesionando as estruturas asociativas existentes. Preténdese que sexa un foro de reflexión e debate da situación educativa do municipio, que analice e avalíe as distintas problemáticas existentes, creando estados de opinión que sirvan para que a Administración educativa tome as decisións axeitadas.

Ademais, para o goberno municipal é un pilar básico de actuación, consonte o seu compromiso coa necesidade de crear órganos de expresión directa da cidadanía que posibiliten a súa participación en todo o que teña que ver coa política educativa municipal.

CAPÍTULO I - NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 1. NATUREZA

1. O Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) constitúese como peza básica e fundamental para unha eficaz instrumentalización da participación democrática da comunidade educativa, e procurará a máis ampla participación social dos protagonistas directos da acción educativa e un alto nivel de interlocución co poder municipal.

2. O CEMV é o órgano colexiado municipal de carácter consultivo e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

ARTIGO 2. FINALIDADE

1. O CEMV, como máximo órgano de participación e consulta en materia educativa no ámbito municipal, terá como fins os seguintes:

- a) Velar pola consecución do acceso de todos os habitantes do municipio de Vigo aos niveis educativos e culturais que permitan a súa realización persoal e sociolaboral, promovendo con esta finalidade cantas accións sexan precisas para acadar a igualdade de oportunidades no ámbito educativo, a compensación educativa e a atención á diversidade.*

- b) *Fomentar o respecto pola liberdade, a convivencia, a igualdade, a xustiza e o pluralismo na comunidade educativa.*
- c) *Impulsar e incentivar a calidade do ensino en todos os seus aspectos.*
- d) *Promover a participación real, efectiva e continua da comunidade educativa nos centros docentes.*
- e) *Ofrecer a máis ampla información sobre a súa actividade e sobre a situación actual do ensino no ámbito municipal.*

ARTIGO 3. RÉXIME XURÍDICO

1. A organización e funcionamento internos do CEMV rexeráse, ademais de polas normas contidas no presente Regulamento, pola seguinte normativa:

- *Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.*
- *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.*
- *Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.*
- *Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia.*
- *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Lei 7/1985, de 2 abril, de bases do réxime local.*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*
- *Regulamento orgánico municipal do Concello de Vigo.*
- *Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

2. No caso de existir lagoas normativas ou dúbidas de interpretación na aplicación das normas transcricas no parágrafo anterior, haberáse de estar á interpretación que delas realice o Pleno do CEMV, ou o seu presidente ata que se pronuncie o Pleno do CEMV.

ARTIGO 4. SEDE DO CEMV

1. A sede e lugar de xuntanzas do CEMV e das súas comisións serán os locais municipais que así dispoña o presidente do CEMV. Así mesmo, este porá a disposición do Consello os recursos persoais e materiais que precise para o desenvolvemento das súas funcións, dentro das posibilidades do Concello de Vigo.

2. A Secretaría do CEMV contará cun lugar axeitado que permita o normal desenvolvemento da súa actividade, así como a custodia dos libros e documentos do CEMV.

CAPÍTULO II - COMPETENCIAS E COMPOSICIÓN

ARTIGO 5. COMPETENCIAS

1. O CEMV será consultado preceptivamente polo órgano municipal competente ou pola Administración educativa, con carácter previo á toma dos acordos, nas seguintes cuestións:

- a) *Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra administración pública, que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal.*
- b) *Actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.*
- c) *Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, de ser o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.*
- d) *Localizacións dos centros docentes dentro da demarcación municipal.*
- e) *Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento axeitado dos centros docentes, de acordo coas competencias que a lexislación lles outorgue aos concellos en cada momento, e especial atención á supresión de barreiras arquitectónicas.*
- f) *Fomento de actividades que tendan a mellorar a calidade educativa, a renovación pedagóxica, os principios da escola activa e a integración escolar, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio, para chegar a unha escola democrática, científica, libre, galega e non discriminatoria.*
- g) *Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación lles outorgue aos municipios.*
- h) *Programación de investimentos en materia educativa.*
- i) *Calquera outro asunto de importancia para a vida escolar do Concello.*

2. Sen prexuízo dos informes preceptivos sobre as materias recollidas no parágrafo primeiro, o CEMV poderá elevar á Administración educativa ou ao Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo, e en especial sobre as seguintes materias:

- a) *Distribución de alumnos a efectos de escolarización, tendo en conta a normativa vixente ao caso.*
- b) *Constitución de padroados, institutos municipais ou entes similares relativos á educación.*
- c) *Cuestións relativas á promoción e extensión educativa.*
- d) *Adaptación do calendario escolar ás necesidades e características socioeconómicas dos núcleos de poboación do municipio.*

A estes efectos, as propostas presentadas polos conselleiros deberán ser motivadas e precisas, e presentaranse por escrito á Presidencia do CEMV, quen decidirá sobre a súa tramitación.

3. Aos efectos dun eficaz desenvolvemento das súas competencias, o CEMV poderá solicitar información da Administración educativa e das autoridades locais sobre calquera materia relacionada coa educación no ámbito municipal e, especialmente, sobre o rendemento escolar.

4. O alcalde ou concelleiro delegado na área de educación poderán someter á consulta do CEMV calquera outra cuestión non comprendida no parágrafo 1 do presente artigo e que estean relacionadas coa natureza do CEMV.

5. Para o correcto cumprimento das competencias do CEMV, o alcalde da Corporación Municipal de Vigo na fase de formación do orzamento xeral proverá a correspondente dotación orzamentaria para atender os gastos da actuación do CEMV.

ARTIGO 6. COMPOSICIÓN

1. Son conselleiros/as do CEMV:

a) O/A presidente/a do CEMV.

b) Trinta vogais, que se agrupan nos seguintes sectores:

1. Sector docente:

a. Dez profesores/as dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais educativas, proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente, no municipio, distribuídos da seguinte forma:

i. Seis profesores pertencentes a centros públicos.

ii. Catro profesores pertencentes a centros privados.

2. Sector de usuarios/as do Sistema Educativo:

b. Tres pais ou nais de alumnos/as propostos pola federación de asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos que actúe no municipio e estean legalmente constituídas, segundo a súa representatividade. Esta representatividade estará en función do número de centros que agrupe.

c. Tres pais ou nais de alumnos/as propostos pola federación de asociacións de pais de alumnos/as de centros privados que actúe no municipio e estean legalmente constituídas, segundo a súa representatividade. Esta representatividade estará en función do número de centros que agrupe.

d. Catro alumnos/as elixidos/as polos representantes dos alumnos/as nos consellos escolares dos centros existentes no municipio.

3. Sector social:

e. Dez membros elixidos por acordo do Concello Pleno, de entre as seguintes categorías de profesionais:

i. Dous directores/as de centros públicos, que serán propostos polas asembleas de directores/as, de primaria e secundaria, dos colexios públicos e institutos de Vigo.

ii. Un representante das centrais sindicais, que non estea vinculado ao ámbito educativo, a proposta dos sindicatos máis representativos.

iii. Un representante de asociacións de empresarios/as, que non estea vinculado ao sector educativo, a proposta da Confederación de Empresarios/as de Vigo.

iv. Un representante dos movementos de renovación pedagóxica, a proposta das asociacións de MRP legalmente constituídas.

v. Unha persoa titular de centros privados, a proposta da Asociación de centros privados.

vi. Un especialista, de recoñecido prestixio, en temas educativos, a proposta do alcalde.

vii. Un representante das asociacións de veciños/as que actúen no municipio de Vigo, legalmente constituídas, a proposta da Federación de Asociacións de Veciños de Vigo máis representativa.

viii. Unha representante a proposta do Consello Municipal da Muller.

ix. Un representante dos centros públicos de ensinanzas artísticas, regradas ou non regradas, a proposta dos seus directores.

c) Un funcionario/a público nomeado pola Administración educativa da Xunta de Galicia.

d) O secretario do CEMV.

2. No nomeamento dos conselleiros deberá respectarse, na medida do posible, o criterio de paridade entre home e muller.

3. O mandato dos conselleiros será de catro cursos académicos, excepto os representantes dos alumnos, que será de dous cursos académicos.

ARTIGO 7. PERDA DA CONDICIÓN DE CONSELLEIRO

1. Os conselleiros perderán a súa condición de membros do CEMV por algunha das seguintes causas:

a) *Expiración do prazo do seu mandato.*

A renovación dos cargos farase por metades cada dous cursos, a excepción do grupo de alumnos que se renovará cada dous anos na súa totalidade.

Os prazos de renovación do CEMV computaranse dende a data da súa sesión constitutiva.

As propostas de nomeamento de conselleiros efectuadas polas distintas asociacións, sindicatos e consellos, remitiranse ao presidente/a do Consello, cun mes de antelación á data en que o Consello deba renovarse.

b) *Por renuncia formulada por escrito dirixido á Presidencia do CEMV.*

c) *Por falecemento ou incapacidade permanente, postas en coñecemento do presidente do Consello, acreditado por calquera medio admisible en Dereito.*

d) *Por ser condenado por delito doloso como consecuencia de sentenza xudicial firme que o inhabilite para o exercicio de cargos públicos.*

e) *Por incumprimento grave ou reiterado da súa función, previa declaración do Pleno do CEMV.*

f) *Por revogación do mandato conferido polas organizacións que representan ou, cando en virtude da celebración de eleccións sindicais ou de renovación dos representantes, se alterase a representatividade das organizacións que efectuaron a proposta.*

Neste caso os representantes das organizacións sindicais, colexiais ou empresariais, deberán ser ratificados ou substituídos polas organizacións que os propuxeron.

O prazo para substituílos será de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao anuncio dos resultados das eleccións ou da renovación dos órganos reitores aludidos.

g) *Por revogación do mandato en caso do/a representante da Administración educativa.*

h) *Cando deixen de concorrer os requisitos que determinaron a súa designación.*

i) *As demais previstas na lexislación vixente que impidan o exercicio dun cargo público.*

2. No caso de que se produza algunha vacante no Consello, a Presidencia deste porao en coñecemento das asociacións, sindicatos, consellos ou movementos, para a súa provisión conforme o establecido no presente regulamento.

No caso de representantes dos alumnos, a vacante será cuberta polo seguinte candidato/a da lista de candidatos/as segundo o resultado das últimas eleccións.

O mandato dos novos membros, salvo o previsto no apartado a) do parágrafo anterior, terá a duración que reste para a renovación do CEMV.

ARTIGO 8. DEREITOS E OBRIGAS DOS CONSELLEIROS

1. Os conselleiros, que actuarán no exercicio das súas funcións con plena autonomía e independencia, teñen dereito a:

- a) *Asistir e participar con voz e voto nas sesións do Pleno e das comisións de que formen parte, a excepción do secretario do CEMV que non ostentará dereito a voto.*
- b) *Acceder á documentación que obre no poder do CEMV e solicitar copia das actas e da documentación das comisións de traballo, do Pleno e da Comisión Permanente.*
- c) *Dispor da información dos temas ou estudos que desenvolva o Pleno, a Comisión Permanente e as comisións de traballo de que formen parte e daquelas que expresamente soliciten.*
- d) *Presentar propostas, emendas, mocións e suxestións para a adopción de acordos polo CEMV ou para o seu estudo nas comisións, de conformidade co procedemento establecido neste Regulamento.*
- e) *Ostentar, en cantos actos aos que expresamente foran comisionados polos órganos do Consello, a representación deste, a salvo e sen prexuízo da representación xeral do presidente.*
- f) *Asistir, sen dereito a voto, a calquera das comisións de traballo nas que non estean integrados, podendo facer uso da palabra excepcionalmente, previa autorización do presidente da Comisión.*
- g) *Calquera outro que lles sexa legalmente recoñecido.*

2. Son obrigas dos conselleiros:

- a) *Asistir ás xuntanzas do Pleno e das comisións das que formen parte.*
O presidente do CEMV, a iniciativa da Comisión Permanente, porá en coñecemento do Pleno do CEMV e das asociacións ou organizacións ás que representan, os nomes dos membros que incumpran reiterada e inxustificadamente o deber de asistencia ás sesións, para os efectos de proposta de nomeamento do sucesor.
- b) *Participar nos traballos para os que sexan designados polos órganos do CEMV.*
- c) *Gardar segredo sobre as materias e actuacións que expresamente sexan declaradas reservadas polos seus órganos e a debida reserva das deliberacións do Pleno e das comisións.*

CAPÍTULO III - ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CEMV

SECCIÓN PRIMEIRA - ORGANIZACIÓN

ARTIGO 9. ÓRGANOS DO CEMV

1. Son órganos do Consello Escolar Municipal de Vigo:

A. Unipersoais

- a. A Presidencia*
- b. A Vicepresidencia*
- c. A Secretaría*

B. Colexiados

- a. O Pleno*
- b. A Comisión Permanente*
- c. As comisións de traballo*

2. Os órganos do CEMV poderán ser auxiliados nas súas tarefas por unha asistencia técnica, contratada con empresas ou persoas especializadas, ou mediante convenios interadministrativos de colaboración con institucións públicas.

ARTIGO 10. PRESIDENTE/A

1. O presidente do CEMV será o Alcalde ou membro da Corporación Local responsable da área de Educación en quen delegue.

2. Corresponde ao presidente do CEMV a realización das seguintes funcións:

- a) Representar ao CEMV e dirixir a súa actividade.*
- b) Nomear os vogais do CEMV a proposta dos respectivos sectores.*
- c) Exercer a dirección dos órganos colexiados do Consello.*
- d) Fixar a orde do día, convocar e presidir as xuntanzas do Pleno e da Comisión Permanente, e velar pola execución dos acordos adoptados.*
- e) Presidir as xuntanzas, ordenar os debates e dirimir, co seu voto de calidade, as votacións en caso de empate.*
- f) Executar o orzamento do CEMV conforme aos criterios que nel se establezan, informando ao Pleno e á Comisión Permanente.*
- g) Calquera outra que non estea expresamente atribuída a outro órgano do CEMV.*

ARTIGO 11. VICEPRESIDENTE/A

1. O/A vicepresidente/a será nomeado polo Pleno do Consello, de entre os conselleiros do sector social, a proposta do presidente do CEMV.

2. O vicepresidente, que o será do Pleno e da Comisión Permanente, substituirá o presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, e realizará as funcións que este lle delegue.

En ningún caso caberá unha delegación permanente de funcións.

3. Ostentará a calidade de membro nato de calquera órgano colexiado do Consello, sen prexuízo do número de membros de que este conste.

ARTIGO 12. SECRETARIO/A

1. O/A secretario/a do CEMV será nomeado polo presidente do CEMV de entre os funcionarios públicos da área de educación do Concello de Vigo.

2. Son funcións do secretario do CEMV:

- a) Asistir ás xuntanzas do Pleno e da Comisión Permanente, con voz pero sen voto, levantando acta de todas as xuntanzas que celebren.
- b) Asistir o presidente/a na convocatoria das xuntanzas e na elaboración da orde do día.
- c) Prestar o asesoramento que o funcionamento do Consello requira.
- d) Expedir, co visto e praxe da Presidencia, certificacións de actas, acordos, ditames e asistencias.
- e) Autorizar coa súa firma os acordos do Consello.
- f) Custodiar as actas, ditames e acordos do Consello.
- g) Xestionar administrativamente os asuntos do CEMV.
- h) Coidar do rexistro de entrada e saída de documentos e o servizo de arquivo.
- i) Proporcionar, previa petición por escrito, a documentación e os medios materiais, se é o caso, que os conselleiros/as requiran no exercicio das súas funcións.
- j) Calquera outra tarefa relativa a funcións xenéricas da Secretaría, que lle encomende o Pleno ou a Presidencia do CEMV.

3. En casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo funcionario público do Concello de Vigo que a Presidencia do Consello designe.

ARTIGO 13. PLENO

1. O Pleno é o órgano supremo de decisión e formación da vontade do Consello, e está integrado por todos os conselleiros, baixo a dirección do seu presidente/a e asistido polo secretario.

2. Son funcións do Pleno do CEMV, ademais do exercicio das competencias atribuídas ao CEMV no artigo 5 do presente regulamento, as seguintes:

- a) *Establecer as liñas xerais de actuación do Consello para cada curso escolar.*
- b) *Elaborar, debater e aprobar os ditames, informes ou propostas que expresen a vontade do Consello en materia da súa competencia.*
- c) *Propor ao órgano competente do Concello de Vigo a modificación do presente Regulamento.*
- d) *Aprobar a memoria anual de actividades e o informe anual sobre a situación do ensino no municipio, segundo os proxectos presentados pola Comisión Permanente.*
- e) *Propoñer ao órgano competente do Concello de Vigo a contratación dunha asistencia técnica para asistir nos labores da Comisión Permanente e das comisións de traballo.*
- f) *Aprobar a creación de novas comisións de traballo.*
- g) *Nomear o vicepresidente/a do CEMV a proposta da Presidencia, así como solicitar razoadamente do presidente/a o seu cesamento.*
- h) *Elixir os vogais da Comisión Permanente e os membros das comisións de traballo.*
- i) *Ditar normas de desenvolvemento do presente regulamento a proposta do presidente do CEMV.*

3. Os ditames ou informes aprobados serán remitidos ao Concello de Vigo, á Autoridade Educativa ou ao Consello Escolar de Galicia, segundo a solicitude, firmados polo presidente e o secretario, indicando os nomes dos asistentes á correspondente xuntanza e con expresión de se foron aprobados por unanimidade, por maioría ou empate decidido polo voto do presidente, e acompañados dos votos particulares, se os houbese.

Estes informes ou ditames serán publicados na páxina web do Concello de Vigo por orde da Presidencia do CEMV.

4. Cando no trámite dalgunha norma xeral ou acto sobre algún asunto da competencia do CEMV se omitise indebidamente o informe do Consello, o seu presidente comunicarllo a quen corresponda.

ARTIGO 14. COMISIÓN PERMANENTE

1. A Comisión Permanente é a unidade básica de xestión dos asuntos do CEMV, e en consecuencia correspóndenlle a recepción e tramitación dos asuntos, preparando así e facilitando as xuntanzas do Pleno, exercendo de instancia intermedia entre este e as outras comisións.

2. Son membros da Comisión Permanente:

- a) *O/A presidente/a do CEMV*
- b) *O/A vicepresidente/a do CEMV*
- c) *O/A secretario/a do CEMV*

- d) *Os/As presidentes/as de cada unha das comisións de traballo existentes.*
- e) *Un vogal de cada un dos tres sectores do CEMV.*

3. *As funcións da Comisión Permanente do CEMV son:*

- a) *Preparar a orde do día das sesións ordinarias do Pleno do CEMV.*
- b) *Preparar os informes, propostas ou ditames para seren debatidos polo Pleno do CEMV, nomeando a estes efectos un relator do proxecto de informe.*

A estes efectos, o proxecto de informe que aprobe a Comisión Permanente, xunto cos votos particulares de ser o caso, remitirase polo secretario a todos os membros do Pleno do CEMV coa antelación necesaria para a convocatoria da xuntanza.

- c) *Xestionar os asuntos e acordos que lle encomende o Pleno, dándolle conta da súa actividade.*
- d) *Coordinar o labor das comisións de traballo distribuíndo os traballos entre as distintas comisións, e no seu caso propoñer ao Pleno do CEMV a creación de novas comisións para temas específicos.*
- e) *Elaborar o proxecto da memoria anual de actividades do CEMV e elevala ao Pleno para a súa aprobación.*
- f) *Elaborar o proxecto de informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio, e elevala ao Pleno para a súa aprobación.*
- g) *Estudar e tramitar as propostas de informe e ditames elaborados polas comisións de traballo, decidindo sobre:*

- i. A súa devolución á comisión para ampliar ou modificar o traballo realizado.*
- ii. O seu traslado a outra comisión.*
- iii. O seu traslado ao Pleno.*

- h) *Elaborar e formular propostas ao Pleno do Consello.*
- i) *Velar pola difusión dos acordos adoptados polo Consello que considere de especial importancia para a comunidade educativa.*
- j) *Calquera outra que lle sexa asignada polo Pleno do Consello.*

4. *Para o correcto desenvolvemento das súas funcións, a Comisión Permanente poderá solicitar ao Pleno do CEMV que se encargue a entidades públicas ou privadas de recoñecido prestixio a realización dos estudos técnicos que sirvan de base para a confección dos informes, ditames ou propostas que a comisión deba elaborar.*

5. *O Pleno do CEMV poderá acordar a incorporación á comisión permanente, e mesmo con carácter estable, doutros representantes que actuarán con voz pero sen voto.*

6. Cando se produza unha vacante na Comisión Permanente ou a composición do Pleno do Consello se modifique, no prazo dun mes procederase a adecuar a representación na Comisión Permanente.

ARTIGO 15. COMISIÓNS DE TRABALLO

1. O CEMV, para o correcto desenvolvemento dos seus cometidos, realiza os seus traballos a través das comisións de traballo, que se constitúen como órganos especializados para o estudo e análise dos asuntos específicos que, por razón da materia, lles correspondan. As comisións de traballo do CEMV son as seguintes:

- a) Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa.
- b) Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa.

2. O Pleno do CEMV poderá modificar, suprimir ou crear outras comisións de traballo, xa permanentes, xa temporais, cando as necesidades de funcionamento así o aconsellen, a proposta da Comisión Permanente.

A composición e cometidos das novas comisións deberán estar formulados con toda claridade.

3. O Pleno do CEMV poderá acordar a incorporación ás comisións de traballo, e mesmo con carácter estable, doutros representantes que actuarán con voz pero sen voto.

4. As comisións de traballo están formadas por tres membros, pertencentes a cada un dos tres sectores establecidos no artigo 6.

5. Os/As presidentes/as das comisións de traballo serán elixidos por e entre os membros da comisión de traballo, e serán os voceiros desa comisión ante a Comisión Permanente e o Pleno, sen prexuízo da súa delegación noutro membro da comisión.

6. Os membros das comisións de traballo elixirán de entre eles a aquel que actuará como secretario desta, que levantará acta das xuntanzas, e asistirá o presidente destas na elaboración da orde día.

O secretario das comisións de traballo ostenta dereito de voz e voto.

7. Son funcións xenéricas das comisións de traballo:

- a) Elevar propostas de actuación á Comisión Permanente.

Estas propostas de ditame ou informes non teñen carácter vinculante para a Comisión Permanente, que poderá devolvelos para un novo estudo.

- b) Actuar como órganos técnicos do CEMV, realizando estudos e análises de asuntos concretos, que con carácter específico lles correspondan por razón da natureza da materia, e elevando os seus resultados en forma de informes ou propostas de ditames.
- c) Calquera outra que lle sexa encomendada polo Pleno ou a Comisión Permanente.

8. O borrador do ditame ou informe da Comisión de Traballo deberá elaborarse nun prazo que permita o seu reparto, polo secretario desta, aos membros da Comisión Permanente con anterioridade á celebración da correspondente sesión, polo menos con catro días hábiles de antelación.

9. Son funcións da Presidencia das comisións de traballo:

- a) Convocar, a través do secretario/a da comisión de traballo, as xuntanzas das comisións de traballo.
- b) Presidir as reunións e moderar os debates.
- c) Requirir á presidencia do Consello que demande da Administración educativa a información necesaria para realizar o traballo que ten encomendado.
- d) Notificar á Comisión Permanente a ausencia inxustificada e reiterada dos membros da súa comisión ás sesións de traballo.
- e) Informar os demais membros da súa comisión de traballo dos asuntos tratados na Comisión Permanente.
- f) Solicitar, a proposta da comisión de traballo ou por iniciativa propia, á Presidencia do CEMV, a convocatoria de persoa ou persoas competentes para asesorar á comisión nas súas deliberacións.
- g) Calquera outra que lle sexa encomendada polo Pleno ou a Comisión Permanente.

SECCION SEGUNDA - FUNCIONAMENTO DO CEMV

ARTIGO 16. FUNCIONAMENTO DO CEMV

O Consello Escolar Municipal de Vigo funcionará en Pleno, Comisión Permanente e comisións de traballo.

ARTIGO 17. RÉXIME DE XUNTANZAS DO PLENO

1. O Pleno do CEMV funciona en réxime de xuntanzas ordinarias de periodicidade preestablecida e extraordinarias, que poden ser, ademais, urxentes.

2. As xuntanzas ordinarias celebraranse cada tres meses. Necesariamente dúas destas xuntanzas coincidirán co primeiro e o último trimestre do curso escolar.

Nestas xuntanzas sempre haberá unha quenda de rogos e preguntas.

3. *As xuntanzas extraordinarias poderán ser convocadas polo presidente/a, pola Comisión Permanente ou cando o solicite un terzo do número de conselleiros do CEMV, excluído o secretario, que asinarán debidamente identificados a devandita solicitude, expresando o obxecto que se vai tratar na correspondente xuntanza.*

Neste último caso, a xuntanza quedará automaticamente convocada para o décimo día hábil seguinte á data de entrada da solicitude, e será notificada a todos os conselleiros do CEMV polo secretario xunto coa orde do día.

As xuntanzas extraordinarias de carácter urxente soamente poderán ser convocadas polo presidente do CEMV, motivando debidamente a súa convocatoria.

4. *As xuntanzas deben ser convocadas, polo menos, con cinco días hábiles completos de antelación á súa celebración, salvo as extraordinarias de carácter urxente, que deberán convocarse con, polo menos, 48 horas de antelación á súa celebración.*

As convocatorias serán notificadas a todos os membros do CEMV polo secretario xunto coa orde do día, copia da acta anterior, un extracto da documentación dos puntos que se van tratar e a data e lugar de celebración.

A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día deberá estar a disposición dos conselleiros do CEMV dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría.

Non poderán ser obxecto de deliberación asuntos que non estean reflectidos na orde do día, salvo que, estando presentes todos os membros do órgano, así o acorden por maioría ao comezo da sesión.

5. *Para a válida constitución do Pleno, en primeira convocatoria, será necesaria a asistencia do presidente/a e o/a secretario/a, ou no seu caso, de quen os substitúan, e a metade a lo menos, dos vogais do CEMV.*

En segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, será suficiente a asistencia do presidente/a ou vicepresidente e do/a secretario/a, ou no seu caso, de quen os substitúan, e un terzo do número de vogais do CEMV.

De non acadarse o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de sete días hábiles.

O quórum esixido deberá manterse durante toda a xuntanza. De non ser así, o secretario/a advertirá desta situación ao presidente/a que a levantará.

6. *Os debates dos proxectos de informe ou ditame iniciaranse presentando o texto polo seu relator.*

A continuación debateranse as emendas presentadas ao informe preliminar, tanto as aceptadas pola Comisión Permanente e incorporadas posteriormente ao informe, como as que se manteñan “vivas” para o debate, que serán sometidas a votación despois de cada debate.

Para axilizar o debate non se admitirán emendas in voce a non ser que teñan un carácter transaccional.

7. Os acordos adoptaranse sobre o conxunto do informe por maioría dos votos dos asistentes, e poderán formularse votos particulares.

A estes efectos, deberase anunciar este extremo antes do remate da xuntanza, e presentalo por escrito dentro das corenta e oito horas seguintes. Os demais conselleiros/as que votasen en contra poderán adherirse ao voto particular presentado.

En caso de empate, realizase unha nova votación, e de persistir, decidirá o voto de calidade do presidente.

O voto é persoal e indelegable, e non se admitirá o voto por correo.

O sistema normal de votación será a votación ordinaria, que se manifestará por signos convencionais de asentimento, desestimento ou abstención. Procederá a votación secreta cando se trate da elección ou destitución de persoas ou cando así o manifeste a maioría absoluta do número legal de membros.

Calquera membro poderá solicitar que conste en acta o sentido do seu voto.

8. As xuntanzas do Pleno do CEMV non son públicas, sen prexuízo de poder convocar, aos sos efectos de escoitar o seu parecer ou recibir un informe respecto a un tema concreto, a representantes de asociacións ou entidades recoñecidas no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Así mesmo, a proposta do presidente, poderán asistir asesores externos tecnicamente cualificados para asesorar nas materias obxecto de debate. Estes expertos actuarán con voz pero sen voto.

9. Cando o Pleno ou a Comisión Permanente do CEMV considere necesario efectuar unha exposición ante o Concello Pleno ou a Xunta de Goberno Local en relación con algún punto da orde do día, sempre que estea relacionado coa natureza do CEMV, deberá solicitalo, a través do presidente do CEMV, ao alcalde cunha antelación mínima de dous días hábiles á celebración da xuntanza. De ser concedida a citada exposición, o CEMV designará un único representante para expor o seu parecer durante o tempo que sinalo o alcalde, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

A estes efectos, as convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno do Concello de Vigo serán comunicadas ao CEMV.

10. O presidente abrirá, suspenderá e levantará as sesións, dirixirá os debates, velará polo mantemento da orde e pola observancia do presente Regulamento, requirindo cando sexa necesaria a asistencia do secretario.

O presidente procurará, como moderador dos debates, a máis ampla participación, sen prexuízo de chamar a atención sobre o asunto principal sometido a discusión, evitando divagacións que alarguen innecesariamente os debates. A estes efectos, poderá chamar á orde a aqueles membros que profiran palabras ofensivas, produzan interrupcións ou pretendan facer uso da palabra sen que lle fora concedida, e de persistir esta actitude poderá ordenarlles que abandonen o local onde se celebre a xuntanza.

O presidente someterá a votación os asuntos obxecto de debate e proclamará os resultados.

As xuntanzas respectarán o principio de unidade de acto, procurando que terminen no mesmo día do seu comezo. De non ser así, o presidente poderá levantar a xuntanza e os asuntos non debatidos incluíranse na orde do día da seguinte xuntanza.

ARTIGO 18. RÉXIME DE XUNTANZAS DA COMISIÓN PERMANENTE

1. O réxime de xuntanzas da Comisión Permanente será o mesmo que o do Pleno, coas seguintes especialidades:

- a) As xuntanzas ordinarias celebraranse cada dous meses.*
- b) As xuntanzas extraordinarias poderán ser convocadas polo presidente/a ou cando o solicite un terzo do número de membros da Comisión, excluído o secretario.*
- c) Para a válida constitución da Comisión Permanente será necesaria a asistencia do presidente/a ou vicepresidente/a, o/a secretario/a, un presidente/a de algunha das comisións de traballo e un vogal dalgúns dos sectores do CEMV.*

De non acadarse o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de sete días.

ARTIGO 19. RÉXIME DE XUNTANZAS DAS COMISIÓN DE TRABALLO

1. O réxime de xuntanzas das comisións de traballo será o mesmo que o da Comisión Permanente, coas seguintes especialidades:

- a) Para a válida constitución da comisión de traballo será necesaria a asistencia do presidente/a e mais do secretario.*

De non acadarse o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de sete días.

- b) As comisións de traballo non terán un réxime ordinario de celebración de xuntanzas.*
- c) As xuntanzas extraordinarias poderán ser convocadas soamente polo presidente/a da comisión.*

SECCIÓN TERCEIRA - DAS ACTAS E CERTIFICACIÓNS

ARTIGO 20. ACTAS

1. De cada xuntanza levantarase unha acta polo secretario do órgano correspondente, que será firmada por este co visto e prace do presidente.

2. En cada acta deberá figurar polo menos:

- a) *Lugar, data e hora de comezo e fin da xuntanza.*
- b) *Asistentes á sesión e relación de membros que escusan a súa asistencia e outras persoas citadas, no seu caso.*
- c) *Carácter ordinario, extraordinario ou urxente da sesión.*
- d) *Asuntos que figuren na orde do día.*
- e) *Acordos tomados, sinalando a forma en que foron adoptados, cos votos a favor, en contra e abstencións, e os seus motivos cando o soliciten expresamente os interesados.*
- f) *O texto dos informes, estudos ou declaracións adoptadas.*
- g) *As opinións e intervencións dos conselleiros, de xeito sucinto.*
- h) *Incidencias dalgunha importancia que, a xuízo do secretario, se produzan no transcurso da sesión.*

3. *Cando non se celebre a sesión por calquera motivo, o secretario suplirá cunha dilixencia autenticada coa súa firma e co visto e praxe do presidente, na cal se farán constar as causas da súa non celebración, e no seu caso, o nome dos asistentes e dos que se escusaran.*

4. *As actas someteranse a aprobación como primeiro punto da orde do día da seguinte xuntanza, coas obxeccións que propoñan os conselleiros, para precisar mellor o desenvolvemento da sesión, sen que en ningún caso poida modificarse o fondo dos acordos adoptados, cabendo soamente a corrección dos meros erros materiais ou de feito.*

5. *As actas quedarán baixo a custodia do secretario, e, unha vez aprobadas, incluíranse no Libro de Actas do Consello Escolar Municipal de Vigo, quen facilitará copias a calquera membro do CEMV que o solicite.*

6. *As certificacións expedidas polo secretario, por orde da Presidencia, darán fe dos acordos do CEMV, e expediranse:*

- a) *De oficio, a requirimento dos órganos das administracións públicas ou dos órganos xudiciais no exercicio das súas competencias.*
- b) *A instancia dos membros do Consello.*
- c) *A instancia de calquera interesado.*

Nos supostos recollidos nas letras b) e c), o contido das certificacións versará sobre a parte decisoria dos acordos.

7. *A Presidencia disporá que, de cada sesión do Pleno do Consello, se redacte unha nota informativa, referida fundamentalmente aos acordos tomados, co obxecto de comunicar á opinión pública, a través dos medios de comunicación social e da páxina web do Concello de Vigo, as actividades e posicións do Consello Escolar Municipal de Vigo.*

8. A redacción das actas, certificacións, informes, ditames e, en xeral, calquera documento do CEMV, farase nos termos establecidos na Lei 5/1988, de 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais.

CAPÍTULO IV – DA EMISIÓN DE DITAMES, INFORMES E PROPOSTAS

ARTIGO 21. ELABORACIÓN DE DITAMES

1. O CEMV emitirá un ditame non vinculante con respecto aos asuntos que sexa consultado no prazo dun mes, sen prexuízo dos ditames que preceptivamente elaboren as comisións do Pleno do Concello.

No caso de que a materia sobre a que verse a consulta sexa de gran complexidade, o CEMV poderá solicitar unha ampliación de prazo por un máximo de quince días hábiles do órgano competente do Concello para adoptar o acordo.

Por outra banda, por motivos de urxencia, que haberá de motivarse na solicitude, o ditame deberá evacuarse no prazo de quince días hábiles, reducíndose o resto de prazos expresados no presente artigo á metade.

2. Os documentos remitidos para ser informados ou ditaminados polo CEMV serán enviados ao secretario do Consello, que o remitirá á Comisión Permanente.

3. Para a elaboración dun informe, ditame ou proposta, a Comisión Permanente elaborará previamente un informe preliminar. Para a elaboración do devandito informe preliminar a Comisión Permanente poderá designar un ou varios membros encargados da súa redacción. Tamén o poderá encargar a unha comisión de traballo, cumprindo para este efecto o especificado neste regulamento.

Para o correcto desenvolvemento das súas funcións, a Comisión Permanente ou o seu presidente poderá solicitar ao Pleno do CEMV que se encargue a entidades públicas ou privadas de recoñecido prestixio a realización dos estudos técnicos que sirvan de base para a confección dos informes, ditames ou propostas que a comisión deba elaborar.

4. Unha vez redactado o informe preliminar, este achegarase a todos os membros do Pleno do Consello Escolar Municipal para que no prazo de dez días hábiles poidan elaborar, se o desexan, emendas, consideracións e suxestións aos diversos puntos dos que conste o devandito informe preliminar ou proposta, presentándoas por escrito diante do secretario do CEMV.

5. Logo de recibidas en prazo todas as emendas e suxestións, a Comisión Permanente reunirse para sometelas a debate e incorporalas, ou non, ao informe preliminar ou proposta, que de novo se achegará xunto coa copia de todas as emendas presentadas a todos os membros do pleno do Consello para o seu estudo e análise.

Daráselles un prazo de cinco días para que o membros do Pleno que presentaron emendas que non foron tidas en conta pola Comisión Permanente para a elaboración do informe preliminar manifesten por escrito dirixido á secretaría a súa intención de incluílas no debate en pleno. Enténdese que de non facelo así, as emendas non se debaterán.

ARTIGO 22. INFORME ANUAL SOBRE O ESTADO DO ENSINO NO CONCELLO

1. O CEMV elaborará anualmente, ao finalizar o curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no municipio, que enviará á Corporación Municipal, á Consellería competente en materia educativa e ao Consello Escolar de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 18, apartado 2 da Lei 3/1986 de consellos escolares de Galicia, e no artigo 27.2 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, que desenvolve a citada lei.

Este informe deberá presentarse para a súa aprobación antes do 15 de outubro de cada ano e referirse o curso académico pechado e poderá versar sobre aspectos específicos ou singulares.

2. Sen prexuízo do informe anual, con carácter bianual o CEMV elaborará un informe completo sobre a evolución e o estado actual do sistema educativo no municipio.

3. O proceso que se ha seguir para a súa emisión será o mesmo que o regulado no artigo 34 sobre emisión de informes e formulación de propostas.

4. O informe, unha vez aprobado, será publicado polo propio Consello Escolar Municipal polo menos na páxina web do Concello de Vigo.

Artigo 23. Memoria de actividades

1. O CEMV ao remate de cada curso escolar elaborará unha memoria da súa actuación no curso escolar correspondente, explicando de xeito conciso cada unha das principais actuacións levadas a cabo e xustificando a súa contribución á mellora do sistema educativo.

2. O procedemento que se ha seguir para a súa emisión e achega será o regulado con carácter xeral para á elaboración de ditames.

3. Para a elaboración da memoria anual de actividades tomaranse como referente as actas do Pleno e da Comisión Permanente, e teranse en consideración os informes previos das restantes comisións.

9(1346).- SOLICITUDE DE ACEPTACIÓN DAS MODIFICACIÓNS REALIZADAS NA SUBVENCIÓN CONCEDIDA O PASADO ANO 2008 POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PAR A MEMORIA APOIO Á XESTIÓN DE ESPAZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 5573/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 7.10.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, aprobou o día 22 de decembro de 2008 a subvención concedida pola Consellaría de Traballo, en base a resolución de data 19 de decembro de 2008 do Delegado Provincial da mesma Consellería, onde se concede unha axuda por importe de 302.702,64 €, concedida para a execucion do servizo denominado “Apoio a xestión de espazos municipais”.

Con data 30 de setembro de 2009, entra por rexistro do Concello de Vigo modificación á resolución administrativa concedida con data 19 de decembro de 2008, no senso de reducir o montante da mesma a 277.582,08 €. por verse minorado o nº de traballadoras a contratar (pola non incorporación dunha traballadora e o falecemento doutra).

Coa mesma data, entra no rexistro xeral deste Concello, resolución complementaria incrementando o montante da mesma subvención de 19 de decembro de 2008 en 4320,00 € en concepto de incentivos á mobilidade xeográfica dentro memoria Apoio a Xestión de Espazos Municipais, para dúas das traballadoras que solicitaron esta axuda. Diana Alonso Chapela e M^a Esperanza Soliño García.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a aceptación das modificacións do montante da subvención concedida para a memoria denominada “Apoio a Xestión de Espazos Municipais “concedida no ano 2008.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1347).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 6.04.09. PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONCELLO DE VIGO E OS SINDICATOS COMARCAIS EN VIGO, UXT, CCOO E CIG PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DERIVADOS DAS OBRAS NO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL. EXPTE. 5807/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Único.- En sesión de data 06 de abril de 2009 (expediente administrativo nº 5807/77) a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e os Sindicatos Comarcais UGT, CCOO, CIG, cara a contar cos mecanismos seguimento de cumprimento das obrigas en materia de prevención de riscos laborais e dos convenios colectivos de aplicación nos traballos derivados das inversións en Vigo derivados do Fondo Estatal de Inversións.

Detectado erro na partida contra a que se imputanestes convenios, procede rectificar a mesma.

Onde di ...

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 79.388,64 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 3220 4700000. de Promoción Económica e Emprego.

Debe dicir ...

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 79.388,64 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 3220 2270600 de Promoción Económica e Emprego.

...

E onde dí:.....

4º.- O Concello de Vigo, con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, realizara unha achega de 79.388,64 € (setenta e nove mil trescentos oitenta e oito euros con sesenta e catro céntimos), para repartir por terceiras e iguais partes (26.462,88 €), entre as devanditas unións comarcais dos sindicatos UGT, CIG, CCOO, con cargo á partida 3220.4700000, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados de:....

Debe dicir:

4º.- O Concello de Vigo, con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, realizara unha achega de 79.388,64 € (setenta e nove mil trescentos oitenta e oito euros con sesenta e catro céntimos), para repartir por terceiras e iguais partes (26.462,88 €), entre as devanditas unións comarcais dos sindicatos UGT, CIG, CCOO, con cargo á partida 3220.2270600, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados de:....

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente rectificación de erros.

11(1348).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ARENARIA COORDINACIÓN SLNE. EXPTE. 6687/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.10.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 1.10.09, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

1- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de Arenaria Coordinación SLNE por importe de 2.035,80 euros.

2- Recoñecer a obriga a favor de Arenaria Coordinación SLNE por importe de 2.035,80 euros con cargo á partida 445.0.227.06.00 o con cargo á bolsa de vinculación.

12(1349).- NOVO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA O SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES FORESTAIS. EXPTE. 4052/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.09.09, o informe de fiscalización do 15.10.08, e o informe-proposta, de 16.09.09, asinado polo xefe Administrativo e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, a concelleira delegada do Servizo e conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Deixar sen efecto na súa integridade o acordo da Xunta de Goberno Local do 24.10.08 relativo ó expediente de contratación polo Excmo. Concello de Vigo do servizo de conservación e reposición de parques forestais e os tramites de licitación posteriores practicados en virtude dos fundamentos de feito e dereito recollidos na expositiva deste acordo.

2º.- Aprobar os novos pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares, elaborados polo Servizo de Montes Parques e Xardíns con data 23-06-2009, Anexo 2 de data 17/06/2009, o primeiro e polo Área de Sevizos Xerais con data 26-08-2009 o segundo, para a contratación por procedemento aberto do “ Servizo de Conservación e Reposición de Parques Forestais do Concello de Vigo ” por dous anos prorrogables por outros dous de forma expresa, cun orzamento máximo de licitación de 647.387,88 € (323.693,94 €/ano), dos que 89.294,88 € (44.647,44 euros/ano) corresponden ao IVE a soportar pola Administración.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación do servizo durante o presente exercicio con cargo á partida orzamentaria 4326. 210.0000, comprometéndose este Órgano de Contratación a incluír nos demáis exercicios que correspondan á execución do contrato as cantidades precisas para facer fronte ao gasto que corresponda en cada un deles.

4º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma prevista na lexislación vixente

5º. - Notificar o presente acordo aos interesados.

13(1350).- ADXUDICACIÓN POR SUBHASTA DE 65 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2822/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, realizada o 30.09.09, a Xunta de Goberno local acorda:

“Enaxenar a Desguaces Mingos, S.L. Os 65 vehículos relacionados expte 2822/241 por un prezo de 4.250 euros e os 25 vehículos do expediente 2882/241 por un prezo de 1.800 euros . Todo iso de acordo coas condicións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 13.07.2009 e 31.08.2009.

14(1351).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A COORDINACIÓN E SUPERVISIÓN DAS OBRAS NO CASCO VELLO CON CARGO Ó FEIL. EXPTE. 4861/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, realizada o 20.08.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Petra o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da asistencia técnica para a coordinación e supervisión das obras no Casco Vello con cargo o FEIL (expte. 4861-307) por un prezo total de 60.000 euros. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 07-07-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

15(1352).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA ADQUISICIÓN DE DÚAS AUTO-BOMBAS PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 1063/213.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, realizada o 9.09.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Iturri S.A. o procedemento aberto para a contratación da subministración de dúas autobombas unha lixeira e outra pesada para o servizo de extinción de incendios (Expte. 1063-213) por un prezo total de 548.876,99 euros dos que 269.366,21 euros corresponden a autobomba lixeira e 279.510,78 euros corresponden a autobomba pesada e as seguintes características do contrato:

- Prazo de resposta en caso de avería menor de 24 horas os 365 días ó ano.
- Incrementa a potencia da autobomba urbana lixeira en 10 cv sendo a potencia total ofertada de 220 cv.
- Incrementa a potencia da autobomba urbana pesada en 10 cv sendo a potencia total ofertada de 290 cv.
- Aumenta o prazo de garantía en 5 anos sendo o prazo total o de 6 anos.
- Comprometese a entrega das seguintes melloras:
 - Un equip ode escarcelación.
 - 6 equipos autónomos Mod PSS /7000 de última xeración
 - Un xogo cocines neumáticos de alta presión.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 08-06-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

- Pagar o importe dos anuncios de licitación que ascende a cantidade de 1.483,88 euros.

16(1353).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes da Oficina técnica, os informes de fiscalización, e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

- A) Devolver a ORECO S.A. as fianzas por importe de 3.436,58 € e 626,34 € constituídas àa responder das obras na Praza do Cristo da Vitoria, xa que foron recibidas mediante acta de 20.12.09 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2914/241.
- B) Devolver a ORECO S.A. a fianza por importe de 4.327,29 €, constituída para responder das obras do Parque da Seara e modificado xa que foron recibidas mediante acta do 20.09.95 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2855/241.
- C) Devolver a ORECO S.A. a fianza de 2.325,73 € constituída para responder da “reparación de humidades no Mercado de A Pedra”, xa que foron recibidas por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2854/241.
- D) Devolver a ORECO S.A. a fianza de 5.601,15 € constituída para responder da humanización da rúa Dr. Cadaval (entorno Príncipe) xa que as obras foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2867/241.
- E) Devolver a ORECO S.A. a fianza de 4.648,52 € constituída para responder da Humanización da rúa López de Neira (entre Dr. Cadaval e Príncipe) xa que as obras foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2868/241.
- F) Devolver a DEPORTES EFFORT, S.L. a fianza de 1.445,78 € constituída para responder da “subministración de trofeos e medallas”, xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía. Expte. 2895/241.
- G) Devolver SIMCO, S.L. a fianza de 481,16 € constituída para responder do desbroce e limpeza de Parques forestais en Bembrive, Cepudo e Pozos, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 1673/241.

H) Devolver a COLEXIO L. MILAGROS S.L. a fianza de 6.693,34 €, constituída para responder da xestión da Escola Infantil (Atalaia-Teis 2005-2009) xa que foi prestado conforme as codnicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2896/241

17(1354).- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE FECHADAS E CUBERTAS DE EDIFICIOS E LOCAIS COMERCIAIS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO PEPRI DE BOUZAS, 2009. EXPTE. 4771/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 15.09.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, conforme á convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 18/05/2009, as seguintes axudas aos solicitantes da da convocatoria:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo actuación subvencionada	Importe axuda (euros)
5055-307	Dna. M Pilar Justo Correa 32798557-M	Praza M Diego Santos 3	30000
5061-307	Comunidade de propietarios H27731686	Suárez Llanos 25	1882,22
5060-307	Comunidade de propietarios H36775088	Casiano Martínez 12	30000
5057-307	D. José Odilo Nieto Lorenzo 35972501H	Ferreiros 2	20459,73
5059-307	D. Manuel Monroy Castro 36082635M	Covadonga 20	2194,81
TOTAL			84536,76

2º.- A proposta motivada da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo do 15/09/2009, denegar a concesión das axudas seguintes, conforme á convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 18/05/2009:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo para o que se solicitou a axuda
---------------	--------------------	--

5063-307 (1*)	Dna. M. Peregrina Correa Carrera 35947712T	Suárez Llanos 18
5062-307 (2*)	D. Urbano Gestoso Correa 35820863	Eduardo cabelo 31
5058-307 (3*)	Comunidade de propietarios H36876415	Camilo Veiga 8
5064-307 (4*)	Dna. M. Mercedes Monroy Álvarez 35817139K	Alfolíes 19

3º.- Notificar en tempo e forma este acordo aos interesados e dar conta do mesmo ao servizo municipal de Intervención e á Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo.

4.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e nos taboeiros de anuncios da Oficina de rehabilitación e da Concellería de Patrimonio Histórico a concesión das subvencións, con indicación da súa convocatoria, o programa de subvencións ao que se acollen, a resolución á que corresponden, o crédito orzamentario, o/a beneficiario/a e a cantidade subvencionada, consonte ao recollido no apartado na Base 5 das da convocatoria.

18(1355).- ABOAMENTO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A D. MODESTO GALLEGO VALAT. EXPTE. 19031/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 5.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 19.05.09, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Recoñecer ao auxiliar de arquivo, D. Modesto Gallego Valat, con nº de persoal 17650, un complemento de produtividade por importe de 2.028,24 €, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto base de Auxiliar de arquivo e as establecidas para o posto de xefe de negociado no ano 2008, acordando proceder ao aboamento do mesmo.

19(1356).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE, POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS, Á FUNCIONARIA Dª JUANA ABALDE POSADA. EXPTE. 19142/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 5.10.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.07.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar á funcionaria municipal Dª Juana Abalde Posada, con nº de persoal 15.102, auxiliar de admón. Xeral, un complemento de produtividade pola realización das funcións de apoio ao Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais (SPPRL) encomendadas provisionalmente por Decreto de 25 de febreiro de 2009, nos termos dos informes de satisfacción do traballo realizado e o resultado positivo obrantes no expediente

administrativo e que anteceden á precedente proposta; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 967.04€ segundo as vixentes Instrucións sobre Plantilla do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Productividade” polo periodo comprendido entre o 26 de febreiro e o 31 de maio de 2009.

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

20(1357).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS Á FUNCIONARIA D^a MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ MARTÍNEZ. EXPTE. 19204/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 1.10.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 28.07.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar á funcionaria municipal D^a María José Rodríguez Martínez, con nº de persoal 22.042, xefa do Negociado de Réxime Interior, un complemento de produtividade pola realización das funcións propias de técnicos de xestión no Servizo de Recursos Humanos encomendadas provisionalmente por Decreto de 14 de xaneiro de 2009, nos termos do informe de satisfacción do traballo realizado e o resultado positivo obrantes no expediente administrativo e que anteceden á precedente proposta; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 3.553,93 € segundo as vixentes Instrucións sobre Plantilla do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Productividade” polo periodo comprendido entre o 16 de xaneiro e o 30 de xuño de 2009.

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

21(1358).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS, AO FUNCIONARIO D. JUAN CARLOS ROMÁN CASAS. EXPTE. 19260/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 1.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de avalización e formación, do 1.09.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer ao funcionario D Juan Carlos Roman Casas, con numero de persoal 8349 e posto de Inspector Administrativo de Tributos pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto de Inspector Adxunto de Tributos do Servizo de Inspeccion de Tributos polo periodo comprendido entre o 23 de maio e o 31 de agosto de 2009, a cantidade de 1.798,64 €.

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

22(1359).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO CONDUTOR DA ALCALDÍA D. CAMILO FONTÁN BALBUENA. EXPTE. 19263/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 5.10.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.07.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- O aboamento, pólo importe correspondente as diferencias retributivas existentes en canto as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial condutor da Alcaldía, pólo período comprendido entre o 1 de febreiro ao 30 de xuño de 2009, a cantidade de 1415,00 € a D Camilo Fontan Balbuena con DNI 36084745-E e n de persoal 22326.

2º.- Dese traslado do presente acordo aos interesados, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

23(1360).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE AO PERSOAL DE DESINFECCIÓN-LABORATORIO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2009. EXPTE. 19296-220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 30.09.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.09.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de complemento de produtividade aboarase ó persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de AGOSTO -2009 e que ascenden a un total 487,36 € (CATROCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON TRINTA E SEIS CENTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

24(1361).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA AO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2009. EXPTE. 19297/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.09.09, conformado pola xefa do

Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de AGOSTO-2009, e que ascenden a un total de 647'52 € (SEISCENTOS COARENTA E SETE EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

25(1362).- PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA AO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2009. EXPTE. 19298/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 30.09.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.09.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Agosto-09, e que ascenden a un total de 1052,70 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

26(1363).- PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE AO FUNCIONARIO ADSCRITO AO PARQUE MÓBIL, D. ANTONIO AMOEDO GARCIA, CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO DE 2009. EXPTE. 19299/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 30.09.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.09.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente, a don Antonio Amoedo García e que ascenden a un total de 54,30 € , correspondente ao mes de Agosto de 2009 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE

27(1364).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA NO SERVIZO ACTIVO DE D. JOSÉ MANUEL LOJO PANCORBO. EXPTE. 19342/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 5.10.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En escrito de data 13/03/2009 (documento nº 90051673) o funcionario municipal D. José Manuel Lojo Pancorbo, con nº de persoal 9.113, adscrito ao Servizo Municipal de Limpeza, solicita a continuidade no servizo activo unha vez cumpridos os 65 anos, indicando a data a tal efecto (20/11/2009).*

2.- *Remitido o dito escrito á xefatura do referido servizo para a emisión de informe sobre a petición formulada, en data 06/08/2009 o Sr. Xefe do Servizo de Limpeza emite informe sobre as condicións de prestación do servizo, mentres que en informe de mesma data o Sr. Xefe da Área de Servizos Xerais informa desfavorablemente a petición de prórroga, dado que a actual configuración do posto de traballo ao que estça adscrito o Sr. Lojo Pancorbo (Xefe/a de quenda de Limpeza) está necesitado de readaptación ás necesidades efectivas do servizo.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- *Tras a entrada en vigor o 13 de maio do 2007 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) a nova configuración legal efectuada no marco normativo básico establecido polo lexislador estatal provoca a necesidade de determinar criterios coherentes de aplicación da mesma en relación con aspectos tan fundamentais como é o da prolongación da permanencia no servizo activo dos funcionarios públicos.*

O artigo 67.3 da nova norma establece que “a xubilación forzosa declarárase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. Non obstante, nos termos das leis de Función Pública que se dicten en desenvolvemento do presente Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo ata que se cumpran os setenta (70) anos de idade. A Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada a aceptación ou a denegación da prolongación.”

II.- *Tal precepto foi interpretado -para o ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos autónomos- mediante Resolución do 21 de xuño do 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican as Instrucións do 5 de xuño do 2007, para a aplicación do EBEP, entendendo a vixencia transitoria do artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma de la Función Pública, o cal obviamente exceptiona da permanencia en activo e dende o 01/01/1998 ao personal da Policía Municipal e Extinción de Incendios, que deberá cesar ao cumprir os 65 años de idade.*

Recentemente, o Ministerio de Administracións Públicas (MAP), e coordinación coas a Secretarías de Estado de Cooperación Territorial, Xeral para a Administración Pública, e as Direccións Xerais da Función Pública e de Cooperación Local aprobaron os “CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL”, consignando con total claridade que as Administracións Locais, a través dos seus órganos competentes, están obrigadas a resolver motivadamente a aceptación ou denegación das solicitudes de prolongación no servizo activo.

En igual senso, e dentro das consultas que as diferentes Administracións Públicas territoriais, organismos autónomos e entidades de Dereito Público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes delas, o MAP desenvolve a obriga de motivación da resolución das solicitudes de permanencia no servizo activo consignadas no artigo 67 do EBEP en resposta de data 26/10/2007 (N/REF:agl, consúltese ao efecto a documentación dispoñible na web www.map.es).

Pode en consecuencia falarse dun dereito dos funcionarios públicos a solicitar formalmente a permanencia no servizo activo, así como dun dereito a obter da Administración Pública correspondente unha resposta motivada en relación ao outorgamento ou denegación da mesma; pero en ningún caso existe un dereito automático a obter a prorroga efectiva, como viña sendo práctica habitual en numerosas Administracións Públicas –incluída o Concello de Vigo-.

Adicionalmente -e sen prexuízo lóxicamente da planificación estratéxica que en materia de recursos humanos se implemente polo Goberno Municipal en este concreto aspecto- debe considerarse con especial atención o momento do ciclo económico recesivo que se está a vivir na actualidade, e que obriga cando menos ao xestor administrativo a abordar aspectos como o que nos ocupa dende unha óptica restrictiva, aos efectos de favorecer a contención do gasto público demandada dende o propio Ministerio de Economía e Facenda para os vindeiros exercicios económicos, presididos pola austeridade, especialmente en materia de control dos gastos de persoal nas diferentes Administracións Públicas territoriais.

III.- Vistos os antecedentes e documentación obrante no expediente, e considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do Acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo do 2007, sométese ao criterio decisorio da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Denegar a prolongación da permanencia en situación de servizo activo solicitada polo funcionario municipal D. José Manuel Lojo Pancorbo, con nº de persoal 9.113, en escrito de data 13/04/2009 (documento nº 90051673), motivada no informe desfavorable do Sr. Xefe da Área de Servizos Xerais emitido o 06/08/2009 e na necesidade de reconfiguración e alteración do contido do posto de traballo ao cal está adscrito o mesmo (Xefe/a de quenda de Limpeza), de conformidade cos antecedentes e fundamentos do presente acordo.

SEGUNDO.- Dese traslado do presente acordo ao interesado, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización e Negociado de Seguridade Social), Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e aos xefes/as das Área e servizos afectados.”

Contra o presente acordo poderanse interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime mellor fundado en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1365).- DAR CONTA RESOLUCIÓN RELATIVA A ENCOMENDA DE FUNCIONES A D^a ANA MARÍA FERNÁNDEZ ARIAS E D^a M^a JOSÉ MARTÍNEZ AREA. EXPTE. 19346/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do Decreto do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 25.09.09, que di o seguinte:

Con data 24 de abril de 2009, a Directora de Ingresos co conforme da Sra. Concelleira-delegada da Economía e Facenda, remite expte. 1018/500/09, ao Servizo de Recursos Humanos, onde pon de manifesto unha serie de circunstancias como consecuencia de cambios na estrutura organizativa dos servizos que dependen da Dirección de Ingresos de forma que a futura estrutura responda a novas formas de traballo derivadas da implantación da Administración Electrónica, xunto con novas fórmulas de relación e comunicación cos cidadáns contribuíntes.

Por isto dadas as necesidades do servizo propónse a encomenda de funcións propias das funcionarias encadrada no subgrupo C1 as funcionarias D^a Ana M^a Fernández Arias, n^o de persoal 79391, e de D^a M^a José Martínez Area, n^o de persoal 21953, administrativas de administración xeral, adscritas á área de Dirección de Ingresos, aos postos de xefatura de negociado vacantes en dita área.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE n^o 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións, así como o art. 81.3 que establece que en caso de urxente e inaprazable necesidade, os postos de traballo poderán proveerse con carácter provisional debendo procederse a súa convocatoria pública dentro do prazo que sinalen as normas que sexan de aplicación.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a D^a Ana M^a Fernández Arias, n^o de persoal 79391, administrativa de administración xeral, adscrita á área de Dirección de Ingresos no Servizo cod. 503-Xestión Catastral Delegada, funcións da Xefatura de Negociado existentes no servizo, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- Encomendar provisionalmente a D^a M^a José Martínez Area, n^o de persoal 21953, administrativa de administración xeral, adscrita á área de Dirección de Ingresos no Servizo cod. 510-Ad-

ministración de Tributos, funcións da Xefatura de Negociado do IAE e Taxa de Lixo Comercial e Vados (EUI), posto que figura vacante como consecuencia do traslado da titular do posto, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Terceiro.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2009, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Cuarto.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado as interesadas, concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Quinto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

29(1366).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS Á FUNCIONARIA D^a MARTA ALONSO POSADA. (PERÍODO 01/12/2008 A 31/03/2009)EXPTE. 4033/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta técnica de Recursos Humanos, do 20.04.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 14 de abril de 2009 recibese neste Servizo proposta de aboamento de produtividade a Doña Marta Alonso Posada, con número de persoal 79396 e posto de administrativa de admón xeral pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto de Técnico de Xestión do Servizo de atención cidadá polo período comprendido entre o 1 de decembro de 2008 e o 31 de marzo de 2009.

En escrito de data 14 de maio de 2008 o Xefe de Participación Cidadá, co conforme do Concelleiro delegado de Promoción Económica, emprego e Participación Cidadá solicita que se lle encomenden provisionalmente a funcionaria D^a Marta Alonso Posada, administrativa de admón xeral, as funcións correspondentes ao posto de técnico de xestión, vacante no Servizo de Participación Cidadá. Fundamentase a petición na situación do servizo en canto a persoal xa que ademais do posto de técnico de xestión mencionado figura vacante un posto de auxiliar administrativo, ao que hai que enga-

dir a situación de baixas prolongadas da funcionaria con posto de administrativa adscrita a dito servizo.

De conformidade co recollido no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e considerando necesario garanti-lo correcto funcionamento do Servizo de Participación Cidadá para o desenvolvemento e execución das súas actividades, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, e que ostenta o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, resolveu encomendar, as funcións correspondentes ao posto vacante de Técnico de Xestión no Servizo de Participación Cidadá, a funcionaria D^a Marta Alonso Posada, administrativa de admón. Xeral do Concello de Vigo, adscrita ao servizo de Participación Cidadá e con nº de persoal 79396

A presente encomenda ten carácter provisional ata a cobertura do posto de técnico de xestión vacante neste momento, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de administrativo de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento legislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28.Un.apartado E) da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

As vixentes instrucións de plantilla recollen no seu punto terceiro b) que, con cargo ao complemento de produtividade retribuirase a actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

O posto 179 “Tecnico de Xestion” describese na vixente RPT cun Complemento de Destino 25 (Importe mensual 637.36 €/mes no ano 2008 e 650,11 €/mes no ano 2009).

Tendo en conta que a funcionaria D^a Marta Alonso Posada estivo de vacacions do 5 ao 13 de xaneiro de 2009 e non tivo ningunha baixa por IT, corresponderia aboar a cantidade de 2479,34 €.

Asi mesmo relacionanse as funcións levadas a cabo pola funcionaria dentro da encomenda de funcións de tecnico de xestion no Servizo de Participacion Cidadá e que son:

- Revisión e verificación das xustificacións presentadas no programa de Subvencións para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario do ano 2008
- Revisión e verificación das xustificacións presentadas no programa de Subvencións para investimento en infraestrutura e equipamento para entidades privadas sen ánimo de lucro do ano 2008
- Revisión e verificación da xustificación dos convenios de colaboración pendentes do ano 2008:
- Asociación Veciñal “Monte da Mina” de Castrelos.
- Sindicatos Comarcais: UGT, CCOO, CIG.
- Tramitación dos expedientes relativos as bases das convocatorias de subvencións da Concellaría de Participación Cidadá para o ano 2009.
- Tramitación dos expedientes relativos aos convenios da Concellaría para o ano 2009:
- Asociación de Persoas Xordas de Vigo.
- Asociación Agarimo.

Tendo en conta o recollido no art. 28 da Ley 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2008, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións o apreciacións para períodos sucesivos.

Polo anteriormente exposto se propoñe a Xunta de Goberno local:

“Recoñecer a funcionaria Doña Marta Alonso Posada, con numero de persoal 79396 e posto de administrativa de admon xeral pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto

de Técnico de Xestión do Servizo de atención cidadá polo período comprendido entre o 1 de decembro de 2008 ao 31 de marzo de 2009 a cantidade de 2479,34 €.

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1367).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS, Á FUNCIONARIA D^a MARTA ALONSO POSADA (PERÍODO 01/04/2009 A 30/07/2009). EXPTE. 4124/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.10.09, dáse conta do informe-proposta técnica de Recursos Humanos, do 14.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 10 de xullo de 2009 recibese neste Servizo proposta de aboamento de produtividade a Doña Marta Alonso Posada, con número de persoal 79396 e posto de administrativa de admón xeral pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto de Técnico de Xestión do Servizo de atención cidadá polo período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2009.

En escrito de data 14 de maio de 2008 o Xefe de Participación Cidadá, co conforme do Concelleiro delegado de Promoción Económica, emprego e Participación Cidadá solicita que se lle encomenden provisionalmente a funcionaria D^a Marta Alonso Posada, administrativa de admón xeral, as funcións correspondentes ao posto de técnico de xestión, vacante no Servizo de Participación Cidadá. Fundamentase a petición na situación do servizo en canto a persoal xa que ademais do posto de técnico de xestión mencionado figura vacante un posto de auxiliar administrativo, ao que hai que engadir a situación de baixas prolongadas da funcionaria con posto de administrativa adscrita a dito servizo.

De conformidade co recollido no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e considerando necesario garanti-lo correcto funcionamento do Servizo de Participación Cidadá para o desenvolvemento e execución das súas actividades, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, e que ostenta o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, resolveu encomendar, as funcións correspondentes ao posto vacante de Técnico de Xestión no Servizo de Participación Cidadá, a funcionaria D^a Marta Alonso Posada, ad-

ministrativa de admón. Xeral do Concello de Vigo, adscrita ao servizo de Participación Cidadá e con nº de persoal 79396

A presente encomenda ten carácter provisional ata a cobertura do posto de técnico de xestión vacante neste momento, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de administrativo de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

Da Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal se deu conta A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14 de xullo de 2008.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Emprego Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento legislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28.Un.apartado E) da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

As vixentes instrucións de plantilla recollen no seu punto terceiro b) que, con cargo ao complemento de produtividade retribuirase a actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

O posto 179 “Técnico de Xestión” describíse na vixente RPT cun Complemento de Destino 25 (Importe mensual 650,11 €/mes no ano 2009).

Tendo en conta que a funcionaria D^a Marta Alonso Posada non disfrutou de vacacións e non tivo ningunha baixa por IT no período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2009, correspondería aboar a cantidade de 1950,33 €.

Así mesmo relacionanse as funcións levadas a cabo pola funcionaria dentro da encomenda de funcións de técnico de xestión no Servizo de Participación Cidadá e que son:

- Revisión e verificación das xustificacións presentadas no programa de Subvencións para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario do ano 2008*
- Revisión e verificación das xustificacións presentadas no programa de Subvencións para investimento en infraestrutura e equipamento para entidades privadas sen ánimo de lucro do ano 2008*
- Tramitación dos expedientes relativos as bases das convocatorias de subvencións da Concellaría de Participación Cidadá para o ano 2009: publicación das bases no BOP, xestión da publicación dos documentos de solicitude na páxina web, coordinar o servizo de asesoramento posto a disposición das asociacións e asesorar ás asociacións que acoden directamente ao departamento de Participación Cidadá.*
- Tramitación dos expedientes relativos aos convenios de colaboración da concellaría coas seguintes entidades para o ano 2009:*
 - e. Asociación Irmandade de Festas Santa Ana de Beade*
 - f. Federación de Peñas El Olivo*
 - g. Asociación de Veciños de Teis*

Tendo en conta o recollido no art. 28 da Ley 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2008, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

